

A CASTAÑA QUE REBENTOU DE RISA




Unha vez ían de camiño unha brasa de carbón, unha palla e unha castaña. Chegaron a un río e non sabían como cruzalo.



A castaña, que era moi lista, propuxo o seguinte:

- ¡Como a palla pode flotar na auga, eu subirei por riba dela e levárame nadando cara a outra beira do río. Logo volverá e poderá levarte a ti!-
dixo dirixíndose á brasa.




Ás dúas pareceulles moi ben e así se fixo. Primeiro a palla pasou á castaña e logo volveu pola brasa de carbón.

Máis cando estaban pola metade do río, a palla notaba que se queimaba coa calor da brasa e case sen querer fixo un movemento brusco e dunha sacudida guindouna á auga.



Cando a castaña viu isto deulle un ataque de risa.



Ría tanto e con tanta forza de ver a brasa mollada que reventou. A palla chegou a beira do río toda chamuscada.



A brasa chegou máis tarde, apagada completamente e enchoupada. Chegaron ademais moi cabreadas coa castaña porque riu cando elas o pasaban mal.

Mais cando viron que coa risa rebentara o seu pelexo, e que estaba desfeita, compadecéronse dela e foron buscar o xastre para que lle remendara o furado.



O xastre soamente tiña un anaco de tea de cor máis clara que o da pel da castaña e tivo que amañala poñéndolle un anaco desa cor. Pois agora andan todas as castañas cun anaco desa pel que é un pouquiño máis clara.

FIN